

## A nosa tenda:



**CAMISETA CAMPEONS TEMPORADA 2.010-11**  
10,00 €



**GORRA P.B. SAN MIGUEL**  
6,00 €



**BANDERÍN F.C. BARCELONA - P.B. SAN MIGUEL**  
3,00 €



**BUFANDA P.B. SAN MIGUEL - 12,00 €**



**CAMISSETAS E CONXUNTOS PARA  
NENOS, "ASIATICAS", F.C. BARCELONA.**  
35,00 €

# BOLETÍN INFORMATIVO

San Miguel de Reinante, a 1 de setembro de 2.011 - Nº 22



*Peña Barcelonista San Miguel*

*Souto nº 66*

*San Miguel de Reinante*

*27793 (Lugo)*

*Peña 1.194*

*Fundada en 1.997*

*<http://penhabarcelonistasanmiguel.jimdo.com>*

*[pbsanmiguel@yahoo.es](mailto:pbsanmiguel@yahoo.es)*

# ¡Este Barça é un luxo!

## CONTIDO:

Churrascada

Viaxes a Xixón e Barcelo-

Carnets e cotas

Lotería

A nosa tenda

## Churrascada:

Seguimos coas actividades programadas para esta temporada.

Por orde cronolóxica, a próxima que toca, será a churrascada de comezo de temporada. Nesta ocasión será algo especial, xa que imos organizar un circuito de deporte e relax.

A churrascada será o día 18 de setembro e nesta ocasión imos cambia-la ubicación tradicional. Terá lugar na Urbanización Costa Reinante, a carón da igrexa de San Miguel. Pola mañá, a partir das 10.30 horas, poderemos practicar deportes como tenis, padel, baloncesto, fútbol sala ou darnos un baño nas piscinas da citada urbanización.

Xa ó medio día, faremos a churrascada propia, con empanada, entrantes, churrasco e tortilla, café e chupiños. Pola tarde e logo da sobremesa, disfrutaremos dunha sesión de spa-relax, nas piscinas climatizadas da urbanización.

O prezo por persoa será de 15,00 € (os menores de 13 anos gratis) e como nas anteriores ocasións, teremos que colaborar entre todos para prepara-las mesas, face-lo churrasco ... así que contamos coa vosa participación. O prazo para apuntarse remata o día

14 de setembro. Comentar asimesmo, que os que só queiran asistir á churrascada poderán facelo sen ningún tipo de problemas, non é obrigatorio participar nas sesións de spá nin deportivas.

Finalmente dicir, que ó tratarse dunha actividade un pouco peculiar, só terán dereito a asistir os socios da peña e os achegados máis próximos, non estando aberta a inscrición a afeccionados en xeral.

## Viaxe a Xixón:

E comezan as viaxes para ir ve-lo mellor equipo da historia en directo. Nesta ocasión será a Xixón, o día 2 ou 3 de outubro. Seguimos co tema de non saber que día son os partidos ata unha semana antes.

A saída será ás 10.30 h. de San Miguel de Reinante e a volta ó remate do partido. O prezo para socios será o prezo da entrada (90 € o ano pasado) e os non socios (que non sexan familiar de 1º grado de socio) terán un recargo de 20,00 € de transporte e xestión de entradas. O prazo para apuntarse remata o día 23 de setembro, sendo necesario pagar as cantidades mencionadas anteriormente ó apuntarse. Decir que si o prezo da entrada ten variacións, haberá que pagar a diferenza o día da viaxe.

Nin que dicir ten, que aproveitaremos o día para face-las visitas oportunas pola cidade asturiana.

En canto á viaxe a Barcelona, dicir que xa temos pechado un paquete de 21 persoas, pero que se algún está interesado en viaxar

ainda está a tempo. Canto máis tempo tarde un en apuntarse, maior será o custo do billete de avión (que asumirá o interesado) e pode que cheguemos ó extremo de que non poidamos conseguir billetes no mesmo avión que os demais. Así que non deixedes para última hora a decisión.

Sabedes que para apuntarvos ou calquer consulta, podeades chamar ó teléfono que aparece a pé de páxina.

## Carnets e cotas:

O prazo para o pago das cotas de socio está aberto dende hai un mes. Os que tedes domiciliado o pago, comentarvos que se pasará o recibo ó cobro nos próximos días, os demais podeades proceder como é habitual, pago en efectivo a un directivo ou ingreso nas contas da peña:

*Caixa Galicia: 2091 0142 57 3040004289*

*Banco Pastor: 0072 0219 69 0000101431*

*La Caixa: 2100 4949 63 2200015422*

Lembrede que mentres non se esté ó corrente nos pagos non se teñen os plenos dereitos de socio, nin se entregará o novo carnet. As cotas para esta temporada 2.011-2.012 serán 36,00 € por socio adulto e ano, 10,00 € para o carnet infantil, para nen@s menores de 14 anos. Animarvos a que apuntedes á Peña ós máis pequenos, para ir meténdoos neste ambiente peñístico e barcelonista.

Como xa informamos no boletín anterior, este carnet non dará os mesmos dereitos que o normal, sendo as principais desvantaxas que en caso de reparto de entradas por ser insuficiente atender toda-las peticións, os socios infantís

non poderán optar a elas. En casos en que a Peña aporte unha cantidade de cartos por socio para a realización dunha actividade (tipo viaxe ...), os membros do carnet infantil quedarán excluídos igualmente.

Finalmente, dentro deste tema de pago de cotas, pedimos ós que non teñan as cotas domiciliadas, que os pagos se fagan o antes posible para ter un mellor control e poder facer un presuposto para toda a temporada O máis exacto posible.

## Lotería:

Como todo-los anos, poñemos á venda a lotería de Nadal. Sempre dicimos o mesmo, pero é o noso deber. A venda de lotería é tan importante como as cotas de socio, así que animamos a todos a colaborar na venda da mesma. Un pequeno esforzo de todos, será un gran resultado final.

Este ano tamén trae novidades neste tema. En primeiro lugar imos cambiar as papeletas de dous números a un, polo que nesta ocasión xogaranse 4,00 € dun só número con 1,00 € de donativo.

En segundo lugar, comentar que os que vendan máis de 40 papeletas, a peña recompensarais con material da nosa tenda, camisetas, bufandas, gorras ...

Ainda que algúns socios dicen que a venda de lotería debería ser unha obriga, dende a directiva preferimos premia-lo esforzo e agradece-la colaboración con entrega de artigos da peña.

Dicir finalmente que podeades contactar para pedir o voso talonario, que para que sexa un pouco máis sinxelo a súa venda, nesta ocasión o faremos de 25 papeletas.

TOTS UNITS FEM FORÇA ...

TODOS XUNTOS FACEMOS PEÑA ...